



## **Medidas xerais de protección a ter en conta polo alumnado e familias**

1. De forma xeral, manterase unha **distancia interpersonal** de polo menos **1,5 metros** nas interaccións entre as persoas no centro educativo.

### **2. Sobre o uso da máscara:**

A. **O uso da máscara por todo o alumnado, persoal do centro e outras persoas que accedan ao centro educativo é a medida básica de protección individual e colectiva.** O alumnado e o profesorado, así como o restante persoal, **teñen a obriga de usar máscaras durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade.**

B. Ademais, será obriga do alumnado levar unha **segunda máscara de recambio**, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario.

C. A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a ou da persoa obrigada.

D. Aquí poden ver algúns vídeos sobre o uso de máscaras, hixiene de mans e protección:

- Como protexernos do coronavirus:

[https://www.youtube.com/watch?v=JUFi4\\_t-8gI](https://www.youtube.com/watch?v=JUFi4_t-8gI)

- Erros máis frecuentes no uso da máscara:

<https://www.youtube.com/watch?v=8fuHSckuzoo&feature=youtu.be>

- Como usar a máscara de xeito correcto:

<https://www.youtube.com/watch?v=Zp25TZnU4U>

<https://www.youtube.com/watch?v=aCPY6ROpAuI>

- Lavado de mans: <https://www.youtube.com/watch?v=NgmntTGTnvE>

- Como protexer aos nenos e nenas fronte ao coronavirus:

<https://www.youtube.com/watch?v=XErS7f6c0AM>

### **3. Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.**

4. **Hixiene de mans:** lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con xel hidroalcohólico, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón. A necesidade dunha **hixiene correcta de mans** cada vez que se use **material compartido**.



5. Realizarase unha **ventilación continua dos espazos** para evitar a transmisibilidade. En calquera caso realizarase sempre nos cambios de clase se as condicións atmosféricas non permiten facelo dun xeito continuado.

6. **Á entrada e saída do centro, todas as persoas** (persoal do centro, familias e visitantes) realizarán unha correcta **hixiene de mans**. Hai dispensadores de xel hidroalcohólico a tal efecto.

7. Hai dispoñibles panos desbotables e dispensadores de xabón nos aseos, ademais de xel hidroalcohólico na entrada, nas aulas e noutros espazos. Os panos desbotables empregados para o secado de mans ou para o cumprimento da "etiqueta respiratoria" serán refugados en papeleiras ou contedores con bolsa protexidos con tapa e accionados por pedal.

8. É labor de todos e todas xerar sistemas de educación sanitaria para a implantación de medidas de hixiene respiratoria:

- Ao tusir ou esberrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado e sempre afastándose do resto das persoas.
- Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esberrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer, usar os aseos ou tocar material susceptible de ser compartido.

9. **Evitaranse aquelas actividades no centro educativo que supoñan a mestura do alumnado de diferentes grupos**, así como as que esixan unha especial proximidade.

Os eventos deportivos ou celebracións que teñan lugar nos centros educativos realizaranse sen asistencia de público.

10. O **alumnado non compartirá material de uso propio** con ningún dos seus/súas compañeiros/as.

11. **As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado ou o persoal non docente**, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

12. **Os usuarios dos espazos de atención ao público non poderán empregar os equipos informáticos, material de oficina ou outros**



**materiais dos empregados públicos.** En caso de ser necesario, realizarase a hixiene de mans e desinfección dos mesmos.

13. O uso de luvas limitarase ao persoal de limpeza no momento de utilizar substancias abrasivas para a pel.

### **Outras normas de funcionamento do centro.**

1. O profesorado titor entregará ao alumnado o día da presentación o documento coa declaración responsable (poden vela ao final do documento) que deberá ser asinada e entregada de novo ao profesorado titor á maior brevidade posible. Recordarase ás familias nese documento a necesidade de realizar diariamente a autoavaliación clínica (poden vela ao final do documento), sendo necesario poñerse en contacto co centro educativo e co centro de saúde no caso de presentar síntomas. Estas medidas reforzaranse a diario, tanto polo profesorado como polo persoal do centro.

#### **2. Ao comezo da xornada lectiva:**

O alumnado poderá acceder á aula **a partir das 8:35**, onde estará o profesorado agardando para velar polo cumprimento das normas de hixiene. Para evitar a acumulación de persoas e vehículos ás 8:45 no exterior do centro, pregamos ás familias do alumnado que non utiliza o transporte escolar que adianten a súa chegada 5 ou 10 minutos.

No patio, antes de poder acceder ao centro, o alumnado agardará sempre respectando a distancia interpersoal. Entrarase polas portas da entrada principal; neste acceso haberá sinalizacións para que o alumnado garde a distancia de seguridade.

3. **Ao rematar a xornada lectiva** o alumnado utilizará as portas de saída indicadas no protocolo de evacuación do centro: as portas principais e as de evacuación de bacharelato e ciclos.

4. **Os movementos no centro** realizaranse dun xeito ordenado, sempre circulando pola dereita. O alumnado deberá utilizar as escaleiras máis próximas ás súas aulas para subir ou baixar, tal como aparece recollido nos planos de evacuación do centro.



5. **Na biblioteca:** hai carteis coas normas de uso deste espazo e tamén se pode acceder a elas no [blog da biblioteca](#). É importante que toda a comunidade educativa as lea con atención, e que respecte a limitación de aforo máximo indicada na porta.

6. **Nos recreos:** dispoñemos de dúas quendas de recreo para reducir as aglomeracións nos diferentes espazos do centro. Informarase ao alumnado o día da presentación do novo horario do centro. O momento da merenda é o máis crítico á hora de que se produzan os contaxios, xa que é o único momento no que o alumnado vai estar sen a protección da máscara. Por iso, é importantísimo respectar a distancia interpersonal e non compartir comida nin bebida cos compañeiros e compañeiras.

7. **Nos aseos:** É de obriga por parte de calquera usuario cumprir co aforo sinalado na parte exterior das portas. En caso de ter que esperar fóra farase dun xeito ordenado, seguindo as indicacións do persoal do centro e gardando a distancia interpersonal de 1,5 m.

8. O noso centro participa por primeira vez (comezando co alumnado de 1º ESO) no programa **EDIXGAL**, polo que durante os primeiros días de clase entregaranse os ordenadores portátiles ao alumnado e explicaranse detalladamente os protocolos de uso, así como os compromisos que aquiren as familias).

9. **Acceso á aula virtual:** todo o alumnado do centro terá acceso á aula virtual. É importante que o alumnado que xa estaba durante o curso pasado no centro comprobe que é quen de entrar nela e que ten acceso ao correo electrónico que figura na súa conta; en caso contrario debería modificar este correo. Ademais, facilitarase unha conta para poder acceder ao alumnado de nova incorporación ao centro e daranse as instrucións precisas durante os primeiros días de clase.

**Todo o profesorado facilitará ao alumnado un correo electrónico de contacto.**

10. **Axenda:** O centro facilitará ao alumnado de **1º e 2º da ESO** o primeiro día de clase unha axenda, que será de uso obrigado.

11. Con carácter xeral, e salvo razóns xustificadas ou relacionadas con procesos administrativos, ou cando a presenza sexa requirida polo propio centro, **non se permite a entrada dos proxenitores no centro educativo.**

12. Na realización de **reunións de titorías ou reunións coa orientadora do centro** utilizarase, sempre que sexa posible, o recurso da reunión **non**



**presencial** mediante chamada telefónica, correo electrónico ou videoconferencia. Se non fose posible por imposibilidade dos proxenitores e a reunión tivese que ser presencial, o persoal do centro comunicará ás familias esa circunstancia. Utilizarase a aula de titorías, cumprindo as medidas de protección individual e respectando o aforo do espazo.

En ningún caso, un proxenitor ou responsable poderá presentarse no centro para unha titoría sen unha cita previa.

Asistirá, preferiblemente, só un dos proxenitores á cita de titoría presencial.

### **Xestión dos gromos**

No contexto deste protocolo, defínese gromo como a aparición súbita dunha enfermidade epidémica entre a poboación nun determinado lugar, sendo sinónimo de abrocho ou brote.

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ao centro as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.

2. Diante dun suposto no que calquera sospeite que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo as medidas de prevención e control levaranse a cabo por parte do SERGAS en base ao documento técnico elaborado pola Ponencia de Alertas y Planes de Preparación y Respuesta: "Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos", en virtude da mesma:

3. Levarase a un espazo separado de uso individual, colocáraselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. A persoa ou o seu titor-a deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.

4. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o centro protexido por máscara cirúrxica, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario. De confirmarse o positivo, o equipo Covid do centro escolar comunicarao ao equipo Covid-escola do centro de saúde de referencia.



5. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a; os que teñan a consideración de contactos estreitos, os dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen poida ser unha persoa próxima que estea vencellada ao centro educativo. A aplicación xerará unha alerta no Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Cando o fluxo de información proceda da autoridade sanitaria incorporárase a mesma información.

6. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dunha proba diagnóstica.

7. Tras a aparición dun caso confirmado da Covid 19 seguiranse as instrucións da Autoridade Sanitaria.



## DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Da \_\_\_\_\_, con  
DNI número \_\_\_\_\_, como pai/nai/titor legal do  
alumno/a \_\_\_\_\_,  
matriculado no curso \_\_\_\_\_, do centro educativo  
\_\_\_\_\_

DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE realizará ao alumno/a a Enquisa de autoavaliación clínica do COVID e que se compromete a NON enviálo ao centro e mantelo en illamento preventivo domiciliario nos seguintes supostos:

- se o alumno/a ten síntomas compatibles coa COVID-19, poñéndose en contacto co seu pediatra e con algunha das persoas membros do equipo COVID do centro educativo.
- se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumno/a non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado a proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020.

ASDO.



## ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.

Presentou nas dúas últimas semanas		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Outros síntomas		
	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
Tivo CONTACTO nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		